

Buenos Aires, 20 de Outubro de 1978.

Sr. D. Marino Dónega Rozas

A Coruña

Querido Dónega:

Onte escribinlle a Diaz Pardo e dígolle que fai meses que non teño noticias tuas, pois supome informado de moitas cousas das que non teño noticia en absoluto. A tua derradeira carta foi do 5/VIII, na que me invitáades, en nome do Museo, a participar nun xantar a Alvaro Gil, e na que me anunciabas poñerme duas letras mais adiante. Non recibín nada e supoño o moito traballo que o impediu. Pola miña parte traballo arreo no que poido. O 21 remátase a cuarta exposición deste ano e o 9 de Novembro inaugúrase outra de pasteles, sempre con temas de Galicia, que é un país que está a morrer por falta de información axeitada no corazón dos emigrantes. O único que trouxo noticias foi Domingo, que por outra parte confirmou polas súas conferencias a admiración que xa lle tiñan as xentes de aquí. Para nos non podo decir canto significou, a pesares de ser recente a nosa estancia en Galicia, e ternos dadas tantas probas de amizade.

Falando de outra cousa, agora en novembro sairá á rua o libro meu, "Imágenes de Galicia", setenta e dous grabados en madeira e un prólogo bastante extenso en castelán e galego. Na colección onde van incorporados os idiomas castelán e inglés. Fálome de min, non teño outra de que che escribir. En febreiro ou marzo estaremos Maruja e eu nesa. Non sabemos aínda si definitivamente ou por outro ano mais. Non podemos decidirnos.

A fin de ano ou nos comenzos da temporada artística do ano que ven inauguro unha mostra importante da miña obra no Museo da cidade de Santa Fe, un dos grandes museos da Arxentina. (Teño que che decir que as sociedades de "Amigos do Museo" aquí, e nos Estados Unidos, teñen a súa residencia nos mesmos Museos, tal como o proietaba eu coa esperencia de pertencer ás sociedades do Museo Nacional de Bellas Artes e Museo Municipal de Arte Moderno de Buenos Aires. O mesmo en todo o resto do meu proieto. Mais non importa. Ese é un capítulo rematado da miña vida social en canto a Galicia e súmase á perda de tantos anos de vida nela, da obra feita por Galicia, fora dela, de tanto soño perante coarenta anos, e das obras de

arte galegas que trouxen ao exilio que gardei, adequirín, troquei, etc, e o que mais amei. Cada unha delas ten para unha historia. Unha historia soio pra min).

Supoñemos xa casados a Fernando e Milagro, supoñemos a todos ben. Nos lembrámonos moito de todos os amigos. Non contestes si non tes lecer pra facelo.

Unha grande aperta para ti, Fernanda, Milagro e Fernando, de Maruja e miña: